

Hai unhas semanas, unha lona publicitaria coa foto do actor que interpretaba a Pablo Escobar cubría por inteiro a fachada dun edificio da Puerta del Sol madrileña. Era a provocativa promoción da serie *Narcos* e motivou unha protesta da embaixada colombiana. Nin se dicía quen era a quen a foto pretendía representar nin aparecía a máis mínima alusión a Colombia. Pero o certo é que o xefe do cártel de Medellín existiu e que foi un dos homes máis ricos do mundo, como certo foi tamén que boa parte dos seus clientes finais formaban parte dos sectores máis salientables das diversas sociedades occidentais, comezando pola dos Estados Unidos cuxo organismo antidroga, a DEA, combateu a Escobar coma ningún. En fin, un paradoxo a engadir a que unha das mellores películas da historia do cine sexa *O padriño*, exposición dos peculiares negocios dunha familia, ou que na televisión dos últimos anos *Os Soprano* –outra familia de negocios peculiares– e *Gomorra* estean entre as series máis populares.

A veterana Letizia Battaglia –fotoxornalista durante trinta anos de *L’Ora*, de Palermo– vén de presentar unha exposición das súas obras no MAXXI (Museo nazionale delle arti del XXI século, Roma). Battaglia estivo na cerna nos duros anos de chumbo, sempre á espreita para chegar a primeira ao lugar dun crime mafioso. Cando presentaba a exposición, eloxiaba a literatura sobre o crime organizado e salientaba as obras de Leonardo Sciascia, hai uns anos, ou de Roberto Saviano nos nosos días.

Sen embargo, non tiña a mesma opinión cando as obras do segundo –xa que logo *Gomorra*– era pasada a formato audiovisual, na medida en que a estética que aparece nela foi adoptada –como modelo– polos mozos do barrio de Scampia. Unha apropiación que chega a que bandas de música sicilianas interpreten a música de Nino Rota de *O padriño* nas marchas procesionais.

Unha advertencia –esa dos personaxes mafiosos glamurosos– que fai extensiva á maioría de producións audiovisuais sobre o tema, unha imaxe que pervive na retina colectiva, cando hoxe a Mafia (ou mellor, as mafias) ten unha visibilidade normal: pais de familia, amas de casa, estudantes proveitosos ou rapazas con pulo emprendedor. Nese silencio, nesa non imaxe esvaecida no común dos cidadáns, as mafias resultan máis perigosas. Tal vez por iso, porque os protagonistas do crime organizado aprenderon a disimular, a súa realización audiovisual esixe a conservación dos arquetipos (nese senso, lembremos *Un*



A fotógrafa italiana Letizia Battaglia.

A fascinación do crime

A Mafia fotografada por Letizia Battaglia

JOAQUIM VENTURA

dos nosos, de Martin Scorsese, ou *Unha historia do Bronx*, de Robert de Niro).

As fotos de Letizia Battaglia non amosan a cara –cabería dicir– amable da realidade mafiosa senón a real, brutal, sucia. Como a foto dun corpo acabado de rematar, cun paraugas saíndo por baixo da saba que cobre a vítima e, no sangue, o rostro reflectido dunha das tres mulleres que o gardan. E máis homes e mulleres nesas posicións traxicómicas que a morte violenta provoca.

Ou vítimas dos axustes de contos nun prostíbulo ou nunha praza calquera da xeografía siciliana. Ou nenos que sen outro modelo que as pistolas na man, aprenden a empunñar armas de imitación como se fosen de verdade. Ou que aprenden a xogar a ocupar as formas de xiz que subliñan a posición duns caídos.

Battaglia –confesaba na presentación da exposición– non pretendeu nunca ser unha cruzada contra a Mafia, o crime organizado non era o

seu obxectivo. Ela pretendía fotografar a vida da súa terra, Sicilia, e para ela os asasinatos e o resto de manifestacións dese mundo non deixaban de formar parte da súa paisaxe. Pero niso –como en tantas outras ámbitos cotiáns– si que cómpre un compromiso. Para denunciar esa realidade e as razóns que secularmente as motivaron, entre elas o esquecemento a mantenta que o Norte italiano tivo do Sur e o inherente clientelismo electoral.



Triple asasinato mafioso, fotografado por Letizia Battaglia.

Apenas pasou un cuarto de século, pero están xa lonxe da memoria colectiva galega os anos nos cales a costa das Rías Baixas puido emular a Sicilia. Unha situación que xuntaba –como en todas as conxuncións traxicas– as peores oportunidades: unha infraestrutura que xa burlaba a lei, unha oferta exterior para a distribución e unha crise que liquidaba definitivamente a efervescencia dos gobernos do felipismo.

Daquela, todo pareceu fácil. Quen en Vilagarcía non tiña un coche de gama alta, era parvo, cando nunha noite –un par de horas– podías ga-

Unha Sicilia de noso

ñar máis que nun taller nun mes. E como non arriscar un anaco do subsidio de paro para capitalizar un desembarco, cando había nove sobre dez posibilidades de multiplicar o investimento! Clubs de fútbol subvencionados ou albariño

de pazo que axudaban a branquear ingresos inconfesables ou a gañar favores. Anos de tolerancia colectiva, con vínculos políticos e empresariais que puideron “sicializar” Galiza. Diñeiro fácil que afondou negocios legais alleos e que demostrou que no país pode haber pulo. Pero non tiñan glamour nin máis ostentación que os seus coches aparcados en mariscarías ou en puticlubs de aldea. Por iso aqueles peóns que serviron coma ningún a Escobar para que a súa “fariña” entrase en Europa –os Charlines, Miñanco, Oubiñas–, non acadaron aparecer en *Narcos*.